



PÁNICO AO LER O B.OE. DE HOXE, 18 DE SETEMBRO

O BOE de hoxe trae outra nova “estrela tecnolóxica”: máis millóns de euros en contratos informáticos para o SEPE.

<https://www.boe.es/boe/dias/2025/09/17/pdfs/BOE-B-2025-33188.pdf>

Que marabilla!!! ou que medo.

O Estado prefere encher os petos das consultoras privadas que venden programas “milagre”. Xa vimos o exemplo de ALMA que presentado como a modernización definitiva, converteuse nun burato negro de recursos e tormento diario para quen tramita prestacións e para quen as necesita. Unha aplicación que máis que ALMA semella un corpo baleiro: colapsos, expedientes parados, cidadáns sen cobrar a tempo.

E mentres tanto, o persoal do SEPE sofre as consecuencias, sinalado polos atrasos que non son culpa súa, senón dun modelo que prioriza a externalización e o negocio privado fronte á inversión en medios humanos e públicos.

A ironía é obvia: chámase ALMA un programa que deixa sen respiro a milleiros de persoas traballadoras en paro. Chámase modernización a un sistema que fai retroceder dereitos básicos. Chámase eficiencia ao que en realidade é mercantilizar a Administración pública.

Porque señores responsables, foinos presentado ALMA como “a solución”, “a revolución”, “a modernización que ía poñer fin ós esperas, os retrasos, os accidentes informáticos”. Mais a realidade diaria de oficinas e persoal do SEPE é outra ben distinta, fallos constantes, caídas do sistema que paralizan o servizo...

O Público paga (moitos millóns), e cando paga, pídese que as cousas funcionen.